

OBRADOIRO DE EMPREGO “BENEMPREGA”

PROXECTO:

A Mancomunidade Terra de Celanova en colaboración coa Consellería de Economía Emprego e Industria, pon en marcha un novo obradoiro de emprego ó amparo dos programas mixtos de formación e emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, estes obradoiros están dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas a partir de dezaioito ou mais anos de idade, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia profesional mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social.

O Obradoiro de emprego denominado “BENEMPREGA” promovido pola Mancomunidade Terra de Celanova ten como finalidade formar a 20 alumnos/as traballadores/as dos concellos que a conforman, nas especialidades formativas de axuda no fogar e atención xeriátrica.

Os obxectivos deste obradoiro son:

- Potenciar e procurar a inserción sociolaboral do alumnado mediante a cualificación e posta ó día das súas competencias profesionais
- Favorecer o emprendemento e a creación de empresas
- Satisfacer a elevada demanda laboral no eido sociosanitaria na contorna dos concellos da Mancomunidade Terra de Celanova.

FINANCIACIÓN:

- Subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria
- Aportación da Mancomunidade Terra de Celanova.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO:

O Obradoiro de emprego “BENEMPREGA” ten unha duración de 9 meses, dende o 14 de Novembro de 2018 ó 13 Agosto de 2019, cunha etapa de formación en alternancia co traballo ou coa práctica profesional, dirixida á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional